

CONDICIÓNS DOS POSTOS DE TRABALLO LOGO DA DIVISIÓ N ENTRE A D.X DE DEFENSA DO MONTE E A D.X. DE PLANIFICACIÓ N E ORDENACIÓ N FORESTAL.

No ano 2019 creouse a Direcció n Xeral de Defensa do Monte debido ás necesidades de dar resposta ás esixencias derivadas da recomendació n número 54 do Ditame da Comisió n especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevenció n e extinció n de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, separando as competencias derivadas da Prevenció n e Extinció n de Incendios da Planificació n e Ordenació n Forestal.

Neste intre o que se pretende e realizar a separació n de tódolos postos existente na Relació n de Postos de Traballo.

DIRECCIÓ N XERAL DE DEFENSA DO MONTE

Persoal do corpo facultativo superior, escala de Enxeñeiros, especialidade Enxeñería de Montes e persoal técnico do corpo facultativo de grao medio, escala de Enxeñeiros Técnicos, especialidade Enxeñería Técnica Forestal

Na nova estrutura mantense o mesmo número de postos correspondentes a esta escala asignados ao centro de coordinació n central e ao centro de coordinació n provincial.

No referente aos centros de coordinació n provincial incluíranse no acordo de condicións específicas de traballo os postos, que xa están na actual RPT, e que habitualmente están realizando gardas e non están incluídos no dito acordo.

O número de postos asignados aos correspondentes centros de coordinació n de distrito, nas catro provincias oscilará entre 40 e 50.

O réxime de horarios, prestacións do servizo e retribució ns serán os recollidos no actual acordo de condicións específicas do persoal técnico que presta servizo no Servizo de Prevenció n de Incendios Forestais.

Persoal da escala de axentes de carácter facultativo, escala de Axentes Facultativos Ambientais e Axentes Forestais

Na nova estrutura o número de postos de traballo asignado aos correspondentes centros de coordinació n de distrito será o número de postos suficientes para realizar as gardas nos diferentes centros de coordinació n de distrito que inicialmente se estima que oscilará entre os 230 a 240 postos de traballo. Neste número non se atopan os Axentes Unidade de Investigació n de Incendios Forestais que manteñen a actual dependencia do Director Xeral de Defensa do Monte.



O réxime de prestación de servizo dos postos, horarios, quendas e retribucións é o establecido na *Orde do 19 de xaneiro de 2019, conxunta das consellerías de Medio Ambiente Territorio e Vivenda e de Medio Rural pola que se establecen as condicións de traballo do persoal da escala de Axentes Forestais e Axentes Facultativos Ambientais*.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL

Persoal do corpo facultativo superior, escala de Enxeñeiros, especialidade Enxeñería de Montes e persoal técnico do corpo facultativo de grao medio, escala de Enxeñeiros Técnicos, especialidade Enxeñería Técnica Forestal

Na nova estrutura increméntase o número de postos pertencentes aos corpos indicados en un número que oscilará entre os 31 a 41 postos que se distribuirán entre servizos centrais, nas xefaturas territoriais ou nas oficinas dos Distritos Forestais.

Os postos terán unha dependencia da correspondente Xefatura Territorial a través do Servizo de Montes Provincial e o centro de traballo poderá estar situado na correspondente Xefatura Territorial ou nas oficinas do Distrito Forestal.

As condicións de traballo, horario, retribucións, permisos, vacacións, etc.. son os xerais establecidos con carácter xeral para todo o persoal funcionario na Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia.

Os postos asinados a DXPOF deberán realizar as funcións derivadas da aplicación da Lei 7/2012 de montes de Galicia, da Lei 13/89 de montes veciñais e o seus desenvolvemento e o relacionado con as competencias que se atribúan a esta DX no correspondente decreto de estrutura. Estas funcións comportan dirección de obra, representación da administración forestal nos montes de xestión pública, a xestión de alertas de emerxencia sanitaria e a dirección de funcionarios e persoal laboral dependente.

Persoal da escala de axentes de carácter facultativo, escala de Axentes Facultativos Ambientais e Axentes Forestais

O número total de postos asignados a Servizos Centrais e a cada un dos Servizos Provinciais oscilará entre os 130 a 140 postos de traballo.

Os postos terán unha dependencia orgánica e funcional das Xefaturas Territoriais de Montes e terán unha oficina nos distritos forestais onde estean localizados.

No referente ás condicións de traballo é necesario reflectir que o artigo 16 do *Decreto 293/97, do 1 de outubro, polo que se establece o regulamento da Escala de Axentes*



Forestais estableceque os persoal da escala realizará o seu traballo entre as 00 e as 24 horas, en función dos cuadrantes que estableza a Consellería....

O anterior provocou que por acordo do Consello da Xunta do ano 2005 se estableza un complemento específico diferencial para tódolos postos de traballo da escala, que ten o seu fundamento nos horarios especiais.

Polo que en base ao anterior acórdase establecer un único período ordinario de prestación de servizo en quendas semanais de 37.5 horas a distribuír en quendas de mañá, tarde ou partidas en función das necesidades do servizo. Por parte dos correspondentes servizos provinciais realizáranse as correspondentes carteleiras.

Polo tanto ao persoal manténselle o complemento específico diferencial que veñen cobrando.

As condicións específicas incluíranse como un anexo ao actual acordo de condicións específicas.

Persoal dos postos denominados como “Posto Base Subgrupo C2” incluídos na actual RPT

Así mesmo, determinados postos denominados como “Posto Base Subgrupo C2” incluídos na actual Relación de Postos de Traballo (RPT) do persoal funcionario de ámbito de Función Pública e que están asignados nos actuais Distritos Forestais e Comarcas Forestais pasarán a depender exclusivamente da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

As condicións de traballo destes “Posto Base Subgrupo C2”, horario, retribucións, permisos, vacacións, etc.. son os xerais establecidos con carácter xeral para todo o persoal funcionario na Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia.